

# Lugo homenaxe a Pilar García Negro

Os actos consistirán no descubrimento dun monolito e a plantación dun magnolio na Praza do Ferrol, a entrega da Letra E no Concello e un xantar de confraternidade.

Por Galicia Confidencial (<https://twitter.com/gconfidencial>) | Lugo | 06/06/2017 | Actualizada ás 10:00

A profesora e investigadora **Pilar García Negro** será homenaxeada en Lugo o vindeiro 10 de xuño por ter sido unha "figura central da vida cultural galega dende os anos 80" na súa terra natal. Nela recaeu este ano a 23ª edición da homenaxe A Escritora na súa Terra – Letra E.



Pilar García Negro

Esta iniciativa, impulsada pola **Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)**, ten como obxectivo honrar aos escritores e escritoras galegos procurando o contacto directo co autor ou autora, e a implicación persoal na xornada de homenaxe. Os actos consistirán no descubrimento dun monolito conmemorativo e a plantación dun magnolio, ás 11:30 horas, na Praza do Ferrol, onde Pilar García Negro xogaba de nena e onde ía ao colexio, e moi preto de onde naceu.

Posteriormente, ás 12:30, recibirá no Salón de Plenos do Concello a Letra E, unha peza escultórica da artista lucense Mónica Alonso; e haberá un xantar de confraternidade no restaurante Torre de Núñez a partir das 14:30.

"Onde está Pilar, está Galicia", subliñou a Alcaldesa para poñer de relevo o compromiso de García Negro co país. "Ese debe ser o gran obxectivo. Que onde esteamos cada un dos galegos e galegas debe estar Galicia presente, e polo tanto a súa lingua, cultura e tradición, sobre todo aquelas persoas que temos cunha proxección pública ou representación", asegurou Lara Méndez.

## Homenaxe na cidade natal

A **Alcaldesa de Lugo, Lara Méndez**, o presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), Cesáreo Sánchez, e o coordinador da sección de Literatura e Tradición Oral deste colectivo, Antonio Reigosa, presentaron este luns a homenaxe. No acto, a rexedora enalzou o traballo que dende o ano 1980 desenvolve a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega en prol da dignificación do oficio de escritor, así como da promoción dos autores e autoras e das súas obras, un colectivo que reúne a máis de 415 escritores de todos xéneros, poesía, narrativa, teatro ou ensaio, o que "pon de manifesto a viveza e a riqueza cultural que temos", afirmou Méndez.

O presidente da AELG agradeceu pola súa banda o apoio do Concello e da Alcaldesa na organización da homenaxe e destacou que "é unha especial satisfacción que Pilar García Negro elixira para celebrar a homenaxe a súa cidade natal", unha cidade "que quere aos seus escritores".

**Cesáreo Sánchez** explicou que é a primeira vez que a AELG outorga unha homenaxe a unha ensaísta, e a unha muller lucense na cidade de Lugo, destacando da súa traxectoria a "clave feminista en todo o que fai, dando novas visións a temas que se dan por sabido, pero na que faltaba a lectura dunha muller coa capacidade intelectual e literaria que ela ten".

"Como pensadora, creadora e participante en proxectos colectivos por toda Galicia, ten especial peso a investigación e divulgación extensiva, horizontal, que fai da figura e da obra de Rosalía, unha figura principal dentro do seu facer literario", engadiu o presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

A homenaxe a Pilar García Negro, destacou **Antonio Reigosa**, "é unha gran oportunidade para seguir abrindo un camiño de singularización e visibilización das mulleres lucenses. Lugo é patria de mulleres rebeldes, comezando por María Castaña e seguindo por Enriqueta Otero. Pilar García Negro engancha con esa memoria, con esa rebeldía".

Tags: #Lugo (/tema/lugo) #PilarGarciaNegro (/tema/pilar-garca-negro)